

<b>DEPARTAMENTO</b>	Debuxo	
<b>MATERIA OU ÁMBITO</b>	Cultura Audiovisual	
<b>CURSO E GRUPOS</b>	1º Bach	
<b>PROFESORADO</b>	Nélida Lejárraga Fernández	
<b>LIBRO DE TEXTO</b>		
	Ano de implantación	

# Programación didáctica

## 1º BAC

## Índice

---

### Índice

1. <b><u>Introdución e contextualización.....</u></b>	<b><u>3</u></b>
2. <b><u>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....</u></b>	<b><u>3</u></b>
3. <b><u>Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....</u></b>	<b><u>6</u></b>
4. <b><u>Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:.....</u></b>	<b><u>7</u></b>
5. <b><u>Concrecións metodolóxicas.....</u></b>	<b><u>10</u></b>
1. <u>Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial.....</u>	<u>10</u>
2. <u>Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático.....</u>	<u>10</u>
3. <u>Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial.....</u>	<u>10</u>
6. <b><u>Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.....</u></b>	<b><u>11</u></b>
7. <b><u>Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción.....</u></b>	<b><u>11</u></b>
1. <u>Criterios de avaliación.....</u>	<u>11</u>
2. <u>Criterios de cualificación.....</u>	<u>13</u>
3. <u>Criterios de promoción.....</u>	<u>15</u>
8. <b><u>Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....</u></b>	<b><u>15</u></b>
9. <b><u>Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....</u></b>	<b><u>17</u></b>
10. <b><u>Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....</u></b>	<b><u>17</u></b>
11. <b><u>Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....</u></b>	<b><u>17</u></b>
12. <b><u>Medidas de atención á diversidade.....</u></b>	<b><u>17</u></b>
13. <b><u>Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.....</u></b>	<b><u>18</u></b>
14. <b><u>Actividades complementarias e extraescolares.....</u></b>	<b><u>18</u></b>
15. <b><u>Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....</u></b>	<b><u>19</u></b>

## 1. Introducción e contextualización

### Introdución xeral

#### Marco legal previo:

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 24 do RD 1105/2014, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

A esta normativa de carácter xeral engádese este ano a emanada en relación coa pandemia da COVID 19:

A Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

As Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinan as liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten mais dificultades.

A Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En consecuencia, ademais dos aspectos habituais, ás programacións didácticas terán en conta as aprendizaxes imprescindibles que non se adquiriron no curso 2019-2020 e a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar períodos de docencia presencial, con outros telemáticos ou ben a implantación do ensino semipresencial.

*A Lei Orgánica 3/2020, de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, deroga a Lei Orgánica 8/2013 e prescinde dos estándares de aprendizaxe como elemento prescriptivo do currículo (art. 6 bis). Con todo, a Disposición transitoria segunda bis da devandita Lei Orgánica 3/2020 indica que estes estándares de aprendizaxe avaliábeis terán carácter orientativo ata a implantación das modificacións introducidas no currículo, na organización e nos obxectivos de EP, ESO e BAC.*

*Segundo o calendario de implantación da Lei Orgánica 3/2020, a introdución dos novos currículos comezará o curso 2022-2023; polo tanto, con excepción do carácter orientativo dos estándares de aprendizaxe, seguen vixentes o Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, que establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e máis o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*A esta normativa curricular engádese este ano o Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022 e máis a Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.*

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

### Competencias clave do currículo de ESO

Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Segundo o Artigo 6.2 da Lei Orgánica 8/2013, se coñecen como competencias son "capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos".

O RD 1105/2014 precisa que as competencias do currículo serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O Decreto autonómico 86/2015, que establece o currículo para a ESO e o bacharelato no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia precisa a relación entre as competencias clave e os criterios de avaliación. Deste xeito, facilítase a integración das competencias no currículo.

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Do bloque temático1:

- Analiza imaxes da historia da arte e explica as funcións que estaban destinadas.
- Explica as principais características dos sistemas audiovisuais, as súas relacións e as súas diferenzas.

Do bloque temático 2:

- Explica as claves plásticas e compositivas da obra fotográfica e/ou videográfica de Mario Testino, Jaume de Laiguana e Eugenio Recuenco, etc.

Do bloque temático 4:

- Analiza a estrutura narrativa de obras significativas da historia do cine.

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA

Do bloque temático1:

- Analiza os avances que se produciron ao longo da historia no campo das tecnoloxías da información e da comunicación, e na evolución estética das mensaxes audiovisuais.
- Analiza o sistema RGB de construción da cor.

Do bloque temático 3. A imaxe en movemento e a súa capacidade expresiva.

- Diferencia as principais características técnicas dos sistemas cine PAL e NTSC na reprodución de imaxes.
- Analiza pezas videográficas ou cinematográficas en que se apliquen efectos de movemento (intencionados ou técnicos).

Do bloque temático 4. Narrativa audiovisual.

- Comenta a construción do plano-contraplano nun diálogo, a partir dunha obra cinematográfica.

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL

Do bloque temático1:

- Valora os contidos multimedia e dos novos medios na representación da realidade.

Do bloque temático 2:

- Establece as diferenzas entre imaxe pousada, instantánea, e captura do movemento.
- Realiza fotografías de primeiro plano, plano detalle, panorámicas, picados e contrapicados, analiza os resultados obtidos e valora a súa correspondencia gráfica con traballos similares de artistas coñecidos/as.
- Realiza dous tratamentos de elaboración dixital a unha mesma composición, en branco e negro e en cor, e analiza o resultado estético e semántico diferente.
- Realiza composicións en cor e altera o cromatismo mediante tratamento dixital, e logo analiza os resultados obtidos.
- Analiza os sistemas actuais dixitais de captación e tratamento fotográfico.

Do bloque temático 3:

- Identifica os sistemas técnicos de captación e edición dixital en producións audiovisuais.

## Competencias clave do currículo de ESO

- Realiza modificacións en pezas videográficas alterando a velocidade de reprodución e os parámetros relacionados co tamaño de imaxe, e analiza o resultado obtido.

Do bloque temático 4:

- Explica a complexidade técnica da construción dun plano secuencia, utilizando, entre outras pezas posibles, "A sogá" de Alfred Hitchcock; "Sede de mal" de Orson Welles e "Son Cuba" de Mikhail Kalatofov.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

Do bloque temático1:

- Compara a obra dos/das principais fotógrafos/as e artistas no tratamento da cor, como Ernst Haas, Andy Warhol, Howard Schatz, Ouka Lele, etc.

Do bloque temático 2:

- Comenta a creación plástica de Chema Madoz, analizando o xogo entre a realidade e a percepción paradoxal desta na súa obra.

Do bloque temático 4.

- Relaciona os elementos formais do plano e a súa consecuencia narrativa.

- Analiza nunha obra cinematográfica a construción narrativa dos planos e a secuencia.

- Analiza o significado narrativo do flashback en series para televisión.

- Identifica e analiza os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais, e aplícalos na valoración de diversos produtos (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

Do bloque temático2:

- Analiza a obra e a transcendencia social dos traballos de Dorothea Lange, Sabastião Salgado, Kevin Carter, Manuel Pérez Barriopedro, Cristina García Rodero, Gervasio Sánchez, etc.

- Realiza unha composición en que se analicen as formas de expresar o poder político a través dos tempos (faraóns, emperadores, reis, presidentes, etc.), e analiza as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica.

- Valora os usos da imaxe fotográfica nos medios de comunicación e nos novos medios.

- Recoñece e valora que se respecte a autoría na elaboración e na distribución de fotografías por internet.

Do bloque temático2:

- Especifica a tipoloxía de xénero, a intencionalidade comunicativa e os códigos expresivos empregados na realización de películas e programas de televisión, a partir da súa visión e da súa análise.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR

Do bloque temático3:

-Identifica e analiza os elementos expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).

- Analiza as características dos sistemas de captación e proxección de imaxes en 3D

Do bloque temático4:

- Comenta a transcendencia narrativa do flashback en obras cinematográficas de relevancia.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

Do bloque temático1:

- Compara imaxes da historia da arte (por exemplo: hieratismo exipcio, helenismo grego, simbolismo románico, dramatismo barroco, realismo decimonónico, etc.) e establece as súas diferenzas formais.

- Analiza as similitudes nos tratamentos formais entre a arte tradicional e a fotografía.

- Compara o tratamento formal da pintura e a fotografía do século XIX: retrato, paisaxe, eventos históricos, etc.

- Establece as diferenzas entre imaxe e realidade, e as súas diversas formas de representación.

Do bloque temático2:

## Competencias clave do currículo de ESO

- Analiza a obra gráfica de fotógrafos/as que traballen en branco e negro, como Martín Chambi, Irvin Penn, Cecil Beaton, Ansel Adams, etc.
  - Compara a obra dos/das principais fotógrafos/as e artistas no tratamento da cor, como Ernst Haas, Andy Warhol, Howard Schatz, Ouka Lele, etc.
  - Analiza os elementos espaciais, as características básicas, o significado e o sentido empregados na lectura de imaxes fixas.
  - Analiza a función do ritmo na composición de imaxes fixas.
- Do bloque temático3:
- Analiza os elementos espaciais e temporais, as características básicas, o significado e o sentido na lectura de imaxes en movemento.
  - Valora a función da iluminación como compoñente expresivo na construción do plano de imaxe.
- Do bloque temático4:
- Analiza producións multimedia interactivas e de novos medios, identificando as características dos produtos e as súas posibilidades.
  - Identifica e explica as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como internet.

### 3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

## Obxectivos de etapa

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Obxectivos xerais para a materia de Cultura Audiovisual II.

1. Coñecer e comprender a sintaxe visual e os seus elementos básicos, así como os seus aspectos estéticos e técnicos.
2. Asimilar a importancia fundamental dos medios de comunicación nunha sociedade democrática e a interrelación creativa que brindan as novas tecnoloxías.
3. Comprender e apreciar como o progreso actual das tecnoloxías da información e a comunicación vén dos avances técnicos e expresivos producidos ao longo da historia.
4. Recoñecer as diferenzas existentes entre a realidade e a representación que dela nos ofrecen os medios audiovisuais.
5. Valorar a función expresiva do son e da música no proceso de creación audiovisual.
6. Analizar mensaxes publicitarias e valorar o que nelas hai de información, arte, propaganda e sedución.
7. Coñecer as características técnicas e expresivas dos medios de comunicación, recoñecer os seus diferentes xéneros e amosar as súas posibilidades informativas e comunicativas.
8. Desenvolver actitudes selectivas, críticas e creativas fronte ás mensaxes que recibimos a través das distintas canles de difusión.
9. Tomar conciencia da capacidade das persoas espectadoras, na súa función de consumidoras, para exixir produtos audiovisuais de calidade e a necesidade de equilibrio entre liberdade de expresión e dereitos individuais.

#### 4. Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:

##### Estándares de aprendizaxe avaliable

Segundo o RD 1105/2014, no seu artigo 2, define os estándares de aprendizaxe avaliables como especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o estudante debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas comparables.

O Artigo 13 da Resolución do 27 de xullo de 2015 establece que as programacións didácticas deberán concretar, para cada estándar de aprendizaxe, a temporalización, o grao mínimo de consecución para superar a materia e o procedemento e os instrumentos de avaliación.

**Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.**

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán:

Principalmente os traballos realizados polos alumnos.

Complementariamente a realización de probas escritas ou orais dos contidos teóricos.

No apartado da programación referido aos criterios sobre avaliación, cualificación e promoción se concreta para cada materia o número de probas e a relación porcentual entre o traballo práctico e as probas.

Para cada estándar de aprendizaxe establecerase se:

Non acada o estándar de aprendizaxe.	Acada parcialmente o estándar de aprendizaxe	Acada o estándar de aprendizaxe
--------------------------------------	--	---------------------------------

Durante o primeiro trimestre se traballarán os estándares de aprendizaxe do bloque temático 1, Imaxe e significado e do bloque temático 2, A imaxe fixa e a súa capacidade expresiva.

##### **.Unidade didáctica 1: A imaxe representada, evolución.**

###### **Estándares de aprendizaxe**

- . Analiza imaxes da historia da arte e explica as funcións ás que estaban destinadas.

Avaliarase mediante traballo práctico e proba escrita.

- Compara imaxes da historia da arte (por exemplo: hieratismo exipcio, helenismo grego, simbolismo románico, dramatismo barroco, realismo decimonónico, etc.) e establece as súas diferenzas formais.

- Analiza as similitudes nos tratamentos formais entre a arte tradicional e a fotografía.
- Compara o tratamento formal da pintura e a fotografía do século XIX: retrato, paisaxe, eventos históricos, etc.
- Explica as principais características dos sistemas audiovisuais, as súas relacións e as súas diferenzas.
- Establece as diferenzas entre imaxe e realidade, e as súas diversas formas de representación.
- Analiza os avances que se produciron ao longo da historia no campo das tecnoloxías da información e da comunicación, e na evolución estética das mensaxes audiovisuais.
- Valora os contidos multimedia e dos novos medios na representación da realidade.

#### **Contidos mínimos**

- Imaxe representada: función e forma.
- Evolución da construción de imaxes fixas ao longo da historia da arte.
- Medios audiovisuais: características principais.
- Evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais. Linguaxe dos novos medios. Comparativa histórica dos fitos da fotografía, o cine, a televisión, a radio, o multimedia e os novos medios. O mundo audiovisual como representación do mundo real. Funcións da imaxe.
- Transcendencia da valoración expresiva e estética das imaxes e da observación crítica das mensaxes.

#### **Temporalización e procedementos e instrumentos de avaliación.**

Aproximadamente 16 sesións. Se realizará alomenos unha proba ademais de varios traballos prácticos.

### **Unidade didáctica 2: A imaxe fixa e a súa capacidade expresiva.**

#### **Estándares de aprendizaxe**

- Establece as diferenzas entre imaxe pousada, instantánea, e captura do movemento.
- Realiza fotografías de primeiro plano, plano detalle, panorámicas, picados e contrapicados, analiza os resultados obtidos e valora a súa correspondencia gráfica con traballos similares de artistas coñecidos/as.
- Analiza a obra gráfica de fotógrafos/as que traballen en branco e negro, como Martín Chambi, Irvin Penn, Cecil Beaton, Ansel Adams, etc.
- Realiza dous tratamentos de elaboración dixital a unha mesma composición, en branco e negro e en cor, e analiza o resultado estético e semántico diferente.
- Analiza o sistema RGB de construción da cor.
- Compara a obra dos/das principais fotógrafos/as e artistas no tratamento da cor, como Ernst Haas, Andy Warhol, Howard Schatz, Ouka Lele, etc.
- Realiza composicións en cor e altera o cromatismo mediante tratamento dixital, e logo analiza os resultados obtidos.
- Analiza a obra e a transcendencia social dos traballos de Dorothea Lange, Sabastião Salgado, Kevin Carter, Manuel Pérez Barriopedro, Cristina García Rodero, Gervasio Sánchez, etc.
- Realiza unha composición en que se analicen as formas de expresar o poder político a través dos tempos (faraóns, emperadores, reis, presidentes, etc.), e analiza as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica.
- Explica as claves plásticas e compositivas da obra fotográfica e/ou videográfica de Mario Testino, Jaime de Laiguana e Eugenio Recuenco, etc.
- Comenta a creación plástica de Chema Madoz, analizando o xogo entre a realidade e a percepción paradoxal desta na súa obra.
- Analiza os elementos espaciais, as características básicas, o significado e o sentido empregados na lectura de imaxes fixas.
- Analiza a función do ritmo na composición de imaxes fixas.
- Valora os usos da imaxe fotográfica nos medios de comunicación e nos novos medios.
- Recoñece e valora que se respecte a autoría na elaboración e na distribución de fotografías por internet.
- Analiza os sistemas actuais dixitais de captación e tratamento fotográfico.

#### **Contidos mínimos**

- Características propias da imaxe fotográfica, en relación a outras imaxes fixas.
- Encadramento na imaxe fixa.
- Fotografía en branco e negro: características principais.
- Fotografía en cor: características principais.
- A fotografía como instrumento de denuncia social e o seu uso como imaxe do poder político.
- Fotografía de moda. Condicionantes plásticos e económicos. Obra gráfica de Mario Testino,



Jaume de Laiguana e Eugenio Recuenco.

- Realidade paradoxal. Obra gráfica de Chema Madoz.
- Elementos expresivos e usos da imaxe fixa. Códigos que configuran as linguaxes.
- Función ilustradora da imaxe (imaxe e texto).
- Composición de imaxes fixas. Ritmo visual.
- Narración mediante imaxes fixas (carteis, historieta gráfica e presentacións). Guión da historieta. Elaboración de historias gráficas mediante imaxes de uso público. A fotografía na publicidade.
- Técnicas dixitais no deseño, na manipulación e creación de imaxes.
- Tratamento de imaxes dixitais.

**Temporalización e procedementos e instrumentos de avaliación.**

Aproximadamente 26 sesións. Se realizará alomenos unha proba ademais de varios traballos prácticos.

Durante o segundo trimestre se traballarán os estándares de aprendizaxe do bloque temático 3, A imaxe en movemento e a súa capacidade expresiva e do bloque temático 4, narrativa audiovisual.

**Unidade didáctica 3: A imaxe en movemento e a súa capacidade expresiva.**

**Estándares de aprendizaxe**

- Diferencia as principais características técnicas dos sistemas cine PAL e NTSC na reprodución de imaxes.
- Analiza os elementos espaciais e temporais, as características básicas, o significado e o sentido na lectura de imaxes en movemento.
- Identifica e analiza os elementos expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).
- Valora a función da iluminación como compoñente expresivo na construción do plano de imaxe.
- Identifica os sistemas técnicos de captación e edición dixital en producións audiovisuais.
- Analiza as características dos sistemas de captación e proxección de imaxes en 3D
- Analiza pezas videográficas ou cinematográficas en que se apliquen efectos de movemento (intencionados ou técnicos).
- Realiza modificacións en pezas videográficas alterando a velocidade de reprodución e os parámetros relacionados co tamaño de imaxe, e analiza o resultado obtido.

**Contidos mínimos**

- Fundamentos perceptivos da imaxe en movemento. Ilusión de movemento.
- Composición expresiva do cadro de imaxe no cine e en televisión. Función da iluminación.
- Características técnicas da imaxe cinematográfica e videográfica, da imaxe televisiva e dos audiovisuais. 3D.
- Sistemas de captación de imaxes en movemento. Sistemas tradicionais analóxicos e modernos sistemas dixitais.
- Características expresivas da velocidade de reprodución de imaxes: cine mudo; cámara lenta; *bullet time*.

**Temporalización e procedementos e instrumentos de avaliación.**

Aproximadamente 21 sesións. Se realizará alomenos unha proba ademais de varios traballos prácticos.

**Unidade didáctica 4: Narrativa audiovisual.**

**Estándares de aprendizaxe**

- Relaciona os elementos formais do plano e a súa consecuencia narrativa.
- Analiza nunha obra cinematográfica a construción narrativa dos planos e a secuencia.
- Comenta a construción do plano-contraplano nun diálogo, a partir dunha obra cinematográfica.
- Explica a complexidade técnica da construción dun plano secuencia, utilizando, entre outras pezas posibles, "A soga" de Alfred Hitchcock; "Sede de mal" de Orson Welles e "Son Cuba" de Mikhail Kalatofov.
- Comenta a transcendencia narrativa do flashback en obras cinematográficas de relevancia.
- Analiza o significado narrativo do flashback en series para televisión.
- Analiza a estrutura narrativa de obras significativas da historia do cine.
- Identifica e analiza os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais, e aplícalos na valoración de diversos produtos (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).
- Especifica a tipoloxía de xénero, a intencionalidade comunicativa e os códigos expresivos empregados na realización de películas e programas de televisión, a partir da súa visión e da súa

análise.

- Analiza producións multimedia interactivas e de novos medios, identificando as características dos produtos e as súas posibilidades.
- Identifica e explica as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como internet.

**Contidos mínimos**

- Narración da imaxe en movemento. Plano e secuencia.
- Planos de imaxe. Movementos de cámara.
- Diálogo no cine: plano e contraplano.
- Plano secuencia.
- Relacións espazo-temporais na narración audiovisual. Flashforward e flashback.
- Literatura e guión cinematográfico. Sinopsis. Escaleta. Guión literario. Secuencia. Guión técnico. Storyboard.
- Montaxe audiovisual.
- Xéneros cinematográficos. Xéneros televisivos. Cine de ficción e documental. Cine de animación.
- Narrativa dos produtos interactivos.

**Temporalización e procedementos e instrumentos de avaliación.**

Aproximadamente 21 sesións. Se realizará alomenos unha proba ademais de varios traballos prácticos.

O terceiro trimestre estará dedicado a elaboración de material audiovisual baseado nos estándares traballados nos dous trimestres anteriores.

**Unidade didáctica 5: Práctica audiovisual.**

Aproximadamente 42 sesións. Traballos prácticos.

## 5. Concrecións metodolóxicas

### 5.1 Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

#### Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

Promover a interacción entre o alumnado e o profesorado para crear un ambiente de cooperación e participación que favoreza a comunicación e o intercambio de ideas.  
Planificación de actividades que permitan que o alumnado poida expresarse de xeito persoal dentro dun marco ben definido, con obxectivos e criterios claros en todo momento.  
Adaptar os contidos da materia aos intereses de cada alumna e alumno.  
Potenciar a mirada crítica, de xeito que as alumnas e os alumnos poidan ser conscientes dos recursos empregados nas mensaxes audiovisuais e poidan construír a súa propia opinión sen interferencias externas, como persoas maduras e responsables.  
Empregar e fomentar o uso das TIC, de xeito informativo e de xeito expresivo na aula.  
Realizar actividades que teñan como resultado un produto final completamente terminado, de calidade e apto para ser presentado.  
Potenciar a sensibilidade artística e estética e os valores positivos propios dunha sociedade harmoniosa e equilibrada.

### 5.2 Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

#### Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

Todas as actividades feitas na aula, serán colgadas tamén na AV do centro no curso 1ºBac-Cultura Audiovisual I, para o uso dos alumnos, tanto os asistentes á aula, como aqueles que falten por motivos xustificadas, e teñan que seguir as clases de maneira telemática.

Ademais nesta materia precisaremos do uso de aplicacións para o intercambio de ficheiros de maior tamaño como son os de imaxe e vídeo. O correo electrónico da clase dispón dunha carpeta drive e outras aplicacións.

Entre o material do alumno, está un pendrive e uns auriculares para o seu uso personal. Tamén hai pendrives na aula, xa que son de fácil limpeza.

### 5.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

Se fora o caso, é aplicable o dito no punto 5.2.

## 6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

Materiais e recursos didácticos (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Unidades didácticas elaboradas polo profesor.  
 Arquivos do currículo da Eso e o Bacharelato e as competencias básicas.  
 Unidades de aula elaboradas por outros profesores da mesma rama noutros centros.  
 Usaranse tamén libros con exercicios que xa algunhas editoriais teñen posto no mercado. (Sm, Editex, Anaya, Rodeiro, Consorcio editorial galego, Casals...entre outras para ESO e Bacharelato)  
 Revistas de educación Plástica e Visual, Deseño, Cultura audiovisual e Cómic de editoriais varias: Edit Blume, Edit Libsa...  
 Aula de informática do centro, con equipos Abalar. Soportes informáticos e programas de deseño, audiovisual, e edición Linux.  
 Biblioteca propia con libros sobre os contidos da materia e revistas de carácter xeneralizado, xornais e edicións especiais.  
 Exercicios e actividades en fotocopias, resumes e contidos recompilados durante varios cursos de diferentes libros.  
 Propostas de actividades e unidades didácticas que procedan de entidades de prestixio na promoción da Arte: CGAC, MARCO, MACUF, F. GRANELL, F. CAIXAGALICIA, F. CAIXANOVA, F. BARRIÉ...  
 Carpetas, libretas e fichas para o seguimento de aprendizaxe do alumnado.  
 Documentación de diversa procedencia sobre os aspectos metodolóxico e psicoloxía nas etapas de aprendizaxe de secundaria.  
 Textos e fotocopias de contidos: recompilados polo profesorado durante diferentes cursos de formación .  
 Manuais específicos de programas informáticos.  
 Videoxogos interactivos.  
 Documentais e programas grabados  
 Recursos multimedia clasificados.  
 Recursos multimedia de páxinas oficiais e non oficiais. RTVE, RTVG etc...  
 Páxina web de cada alumno/a. Drive.  
 Documentación de experiencias elaboradas pola Asociación de Ensinantes de Plástica de Galicia.  
 Biblioteca do centro.  
 Aula virtual do IES Ribeiro.  
 Cámara fotográfica, trípode, focos, croma y accesorios, pendrives e tarxetas de memoria.

Materiais pedidos ó comezo do curso polo profesor da materia a todo o alumnado: auriculares e pendrive.

## 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

### 7.1 Criterios de avaliación

Avaliacións parciais (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

**Criterios de avaliación do bloque temático 1:** Imaxe e significado.

- Explicar as funcións da imaxe representada: simbólica, relixiosa, lúdica, decorativa, xerárquica, educativa, etc.
- Recoñecer e diferenciar as principais formas de representación icónica: simbolismo, realismo, expresionismo, naturalismo, idealismo e abstracción.
- Analizar as características principais da fotografía, o son, o cine, a televisión e os produtos dixitais en internet.
- Valorar a importancia da evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais nos medios de comunicación nas sociedades actuais, e a interrelación creativa que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación.

**Criterios de avaliación do bloque 2.** A imaxe fixa e a súa capacidade expresiva.

- Recoñecer as propiedades diferenciadoras da imaxe fotográfica.
- Analizar as composicións fotográficas, valorando a disposición dos elementos dentro do espazo físico da imaxe.
- Analizar a capacidade expresiva da imaxe en branco e negro, e a súa utilización como alternativa á fotografía en cor.
- Analizar a composición da cor a través do sistema RGB.
- Analizar o uso da cor na imaxe fixa: saturación, matiz, investimento, etc.
- Identificar os patróns icónicos da fotografía como instrumento de difusión da inxustiza social.
- Analizar as formas de expresar o poder político a través dos tempos, e a imaxe oficial a través de escultura ou a pintura, e valorar as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica.
- Expor e comentar as claves plásticas da obra de fotógrafos/as da moda.
- Reflexionar acerca da relación entre a imaxe e a realidade xurdida na obra gráfica de Chema Madoz.
- Analizar as funcións da imaxe fixa empregadas para satisfacer as necesidades expresivas da sociedade actual, e aplicalas na elaboración de imaxes dixitais.

**Criterios de avaliación do bloque 3.** A imaxe en movemento e a súa capacidade expresiva.

- Analizar a técnica de exposición de imaxes fixas para simular movemento, desde o principio do cine, pasando pola televisión, ata a imaxe dixital actual.
- Analizar as funcións e as características comunicativas da imaxe en movemento empregadas para satisfacer as necesidades expresivas da sociedade actual, e aplicalas na elaboración de producións dixitais sinxelas.
- Diferenciar a calidade da imaxe obtida por diferentes medios dixitais no relativo a resolución, brillo, luminosidade, etc.
- Analizar as características técnicas necesarias para a creación de efectos: cámara rápida, lenta e *bullet time*.
- Valorar os resultados expresivos obtidos ao alterar a velocidade de reprodución das imaxes en movemento.

**Criterios de avaliación do bloque 4.** Narrativa audiovisual.

- Relacionar a construción do plano de imaxe e a súa capacidade narrativa.
- Diferenciar os principais tipos de plano de imaxe.
- Analizar a importancia narrativa do flashback na construción narrativa cinematográfica.
- Identificar en obras cinematográficas de relevancia a súa estrutura narrativa.
- Recoñecer as diferenzas entre a realidade e a representación que ofrecen as imaxes en movemento, analizando os aspectos narrativos dos produtos audiovisuais e aplicando criterios expresivos.
- Identificar e analizar os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais.
- Identificar as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como internet.

Tal e como se desexa, a avaliación debe conquistar a máxima eficacia avaliativa nos aspectos dos obxectivos, procedementos, e nas actitudes. Para ter a seguridade de que o alumnado aprende poderanse utilizar entre outros os procedementos seguintes:

**Esquemas**

Exercicios e probas orais e escritas. Cuestionarios tipo test. Modelos de exames oficiais.  
 Mediante a observación e o apuntamento diario. Mediante fichas de seguimento de alumnado.  
 Láminas de prácticas para as diversas materias.  
 Exercicios de reforzo e cuestionarios de resumo.  
 Cuestionarios de autoavaliación.  
 Plantillas de conceptos variados para as materias.  
 Debates, textos, libros e pase de imaxes e cuestionarios de preguntas e respostas.  
 Exercicios interpretativos.  
 Traballos teóricos e prácticos de variada natureza: textos, video, fotografía...

**Avaliación final (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

Ao comezo da segunda e terceira avaliación e así mesmo ao final da terceira, o/a profesor/a da materia, fará as probas a xeito de recuperación que lles servirá aos alumnos que non acadasen un 5, e que tamén poderán realizar os alumnos con nota de 5 ou superior que queiran incrementar esta nota. No caso de que un/unha alumno/a non acade o 5 na media das tres avaliacións ou en algunha despois das correspondentes recuperacións, debe presentarse á proba final para a avaliación ordinaria, coa materia da ou das avaliacións que teña suspensas. Se non recupera, deberá presentarse á proba da avaliación extraordinaria, con toda a materia. A recuperación será dos mesmos contidos impartidos durante o curso.

Sobre as probas de recuperación e a final:

Constará dunha parte teórica e dunha parte práctica.

A parte teórica constará de varias preguntas ata un total de 10 (valoradas numericamente de 0 a 10 no seu total) sobre a materia da que se examina e contará ata un 50% da nota final desta proba.

A parte práctica constará de 1, 2 ou 3 exercicios sobre a materia impartida segundo polas avaliacións que se presente (se se presenta por unha avaliación daránselle a resolver 1 exercicio desa avaliación), (se se presenta por dúas avaliacións daránselle 2 exercicios combinados das dúas), (se se presenta polas tres avaliacións deberá resolver 3), valorando numericamente ata un total de 10.

No caso de avaliación telemática a proba farase en tempo controlado previa convocatoria. Se o ensino é semipresencial, farase no centro.

**Avaliación extraordinaria (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

Sobre a proba extraordinaria, constará dunha parte teórica e doutra parte práctica ou que se relacione cunha parte práctica sobre a materia. (No caso dunha parte práctica con utilización de recursos con computadora e programas de edición ou escenográficos, fotográficos e audiovisuais, e soamente neste caso, a proba práctica podería incluír a elaboración durante o período vacacional de material propio que lle sirva para a realización do traballo proposto no exame. Neste caso daránselle unha serie de directrices ao alumnado para que elabore este material audiovisual etc, durante o período de vacacións)

A parte teórica constará de varias preguntas ata un total de 10 (valoradas numericamente de 0 a 10 no seu total) sobre a materia da que se examina e contará ata un 50% da nota final desta proba extraordinaria. Farase o mesmo día que a proba práctica.

A parte práctica constará de 1 exercicio que contará o 50% restante desta proba sobre a materia impartida durante o curso, valorado numericamente de 0 a 10.

No caso de avaliación telemática a proba farase en tempo controlado previa convocatoria. Se o ensino é semipresencial, farase no centro.

**7.2 Criterios de cualificación****Criterios de cualificación (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)**

En canto á ponderación tendo en conta o valor da continuidade en Bacharelato das tres avaliacións. Farase coas seguintes porcentaxes:

O proceso de aprendizaxe avaliarase seguindo os criterios de avaliación descritos para esta materia anteriormente e puntuando nun 40% os resultados de:

Exercicios teóricos

Exames e probas escritas e orais

Probas tipo test

Questionarios e exercicios de conceptos sobre os contidos da materia.

Outros traballos elixidos polo profesor dos diferentes recursos oficiais.

Nun 60% o desenrolo dos procedementos, conceptos e actitudes no ámbito da práctica, na:

Adquisición de destrezas para a axeitada realización dos exercicios prácticos.

Resolución axeitada das actividades ou dos exercicios pedidas/os polo profesor dacordo á programación, aos temas e criterios establecidos antes e durante a elaboración dos mesmos.

Correcta utilización dos recursos da aula.

Creatividade, expresividade e esforzo.

Utilización axeitada dos diferentes elementos tecnolóxicos ao servizo do alumnado, computadoras, programas etc.

Orde e correcta elaboración así como boa presentación dos traballos axeitados e dun mínimo de calidade.

Entrega dos traballos prácticos e teóricos dentro dos prazos establecidos polo/a profesor/a.

Adecuación aos criterios de avaliación expostos.

Adecuación e utilización axeitada da linguaxe propia da materia.

O departamento de debuxo está a realizar distintos proxectos mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe fora do horario lectivo, ademais o alumnado participa, de xeito voluntario en varios concursos relacionados coa materia. Os estudantes participantes poden melloralala súa nota final entre 0 e 2 punto, dependendo da calidade do proxecto unha vez rematado.

Ao comezo da segunda e terceira avaliación e así mesmo ao final da terceira, o/a profesor/a da materia, fará as probas a xeito de recuperación que lles servirá aos alumnos que non acadasen un 5, e que tamén poderán realizar os alumnos con nota de 5 ou superior que queiran incrementar esta nota. No caso de que un/unha alumno/a non acade o 5 na media das tres avaliacións ou en algunha despois das correspondentes recuperacións, debe presentarse á proba final de xuño coa materia da ou das avaliacións que teña suspensas, se non recupera, deberá presentarse á proba de setembro, con toda a materia. A recuperación será dos mesmos contidos impartidos durante o curso.

Sobre as probas de recuperación para a avaliación ordinaria:

Constará dunha parte teórica e dunha parte práctica.

A parte teórica constará de varias preguntas ata un total de 10 (valoradas numericamente de 0 a 10 no seu total) sobre a materia da que se examina e contará ata un 50% da nota final desta proba.

A parte práctica constará de 1, 2 ou 3 exercicios sobre a materia impartida segundo polas avaliacións que se presente (se se presenta por unha avaliación daránselle a resolver 1 exercicio desa avaliación), (se se presenta por dúas avaliacións daránselle 2 exercicios combinados das dúas), (se se presenta polas tres avaliacións deberá resolver 3), valorando numericamente ata un total de 10 e adecuándose a:

Resolución do exercicio segundo os conceptos explicados na materia

Correspondencia co que se pide.

Creatividade, expresión, estética e correspondencia co establecido na proba.

Recursos propios da materia utilizados axeitadamente.

Tempo na execución e destreza.

Temporalización da parte práctica da proba de avaliación ordinaria. Dependerá do alumnado que se teña que presentar e das avaliacións que teña que recuperar, procurando sempre que a proba se poida realizar para todo o alumnado de xeito conxunto, na mesma xornada (a realización de exames distintos para o alumnado que concurra con máis dunha avaliación queda a criterio do profesor). Cando non sexa posible establecerase con carácter xeneral:

Recuperación dunha avaliación: 2h (poden ser en dúas xornadas)

Recuperación de dúas avaliacións: 3h (poden ser 3 xornadas)

Recuperación das tres avaliacións: 4h (poden ser 4 xornadas).

Esta parte práctica contará o 50% restante da nota desta proba. Aprobarán este proba todos/as aqueles/as alumnos/as que obteñan un 5 ou máis de nota.

Farase deste resultado a media coas avaliacións segundo no caso en que se presentan (por unha ou dúas avaliacións). No caso do alumnado que se presenta polas tres avaliacións esta será a nota final do curso.

Sobre a proba para a avaliación extraordinaria constará dunha parte teórica e doutra parte práctica ou que se relacione cunha parte práctica sobre a materia. (No caso dunha parte práctica con utilización de recursos con computadora e programas de edición ou escenográficos, fotográficos e audiovisuais, e soamente neste caso, a proba práctica podería incluír a elaboración durante o período vacacional de material propio que lle serva para a realización do traballo proposto no exame. Neste caso daránselle unha serie de directrices ao alumnado para que elabore este material audiovisual etc, durante o período de vacacións)

A parte teórica constará de varias preguntas ata un total de 10 (valoradas numéricamente de 0 a 10 no seu total) sobre a materia da que se examina e contará ata un 50% da nota final desta proba extraordinaria. Farase o mesmo día que a proba práctica.

A parte práctica constará de 1 exercicio que contará o 50% restante desta proba sobre a materia impartida durante o curso, valorado numéricamente de 0 a 10 e adecuándose a:

Resolución do exercicio segundo os conceptos explicados na materia Correspondencia co que se pide.

Creatividade e expresión.

Recursos propios da materia utilizados axeitadamente.

Tempo na execución e destreza.

Temporalización da parte práctica da proba de Setembro: 2h

Material para a parte práctica da proba extraordinaria de Setembro: O material será dado polo propio departamento, menos aquel que se lle pideu ao alumnado ao comezo do curso ou ao final e que terá que traer sempre para a proba. Superarán a materia aqueles alumnos que obteñan 5 ou máis puntos nesta proba.

O profesor da materia empregará na avaliación os seguintes instrumentos:

Exercicios prácticos e teóricos

Probas de exame

Fotocopias de modelos avaliativos oficiais

Propostas de autoavaliación.

Observación do alumnado e os seus procesos de traballo en cadernos propios.

Memorias, informes ou análises realizados polo alumnado.

Traballos individuais e colectivos de recompilación de conceptos, ideas, estilos...etc

Con exercicios a resolver de emparellamento, unión, comparanza, contrarios, sopas de letras, crucigramas, cadros sinópticos, mapas conceptuais, de completar...etc.

Test e fichas de páxinas oficiais.

Probas de reforzo individual.

Probas conceptuais dialogadas.

Resolución de obxectivos e de tarefas en grupo.

Realización de exercicios de manipulacións formais da imaxe.

Concreción dun proxecto individual e/o grupal.

Investigación e recompilación de técnicas de imaxe e sonido.

Traballos multimedia.

Entre os libros que se utilizan para a recompilación da información de avaliación tanto teórica como procedimental están por nomear algúns os das seguintes editoriais: Donostiarra, Editex, Ecir, Rodeira, Edelvives, Alarcón, Paraninfo, Teide, Mcgrawhill, Libsa, Blume, Escivi e Gedisa...etc

### 7.3 Criterios de promoción

Criterios de promoción (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

## 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

<b>Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente</b>		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais eou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
<b>ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE</b>		
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>	<b>Propostas de mellora</b>



1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

## 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

### Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

#### Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Como vimos xa en apartados anteriores da programación se o alumno obtén unha cualificación negativa nas convocatorias extraordinaria, ten a posibilidade de recuperar a materia a través das convocatorias de pendentes.

Unha vez que a materia forma parte das pendentes o alumno ten dúas posibilidades:

1. Existe a posibilidade de recuperar a materia pendente mediante dúas probas parciais. O centro fixará un calendario aproximado para a realización de ditas probas, para facilitar ó alumno a recuperación da materia e que poda ila recuperando de forma compartimentada.
2. O alumno poderá recuperar a materia nunha proba final no mes de maio (no caso de realiza-las probas por parciais e ter obtida cualificación de suspenso poderá igualmente presentarse á proba de xuño).

Para facilitar o seguimento dos alumnos de 2º Bacharelato da materia pendente de 1º, serán matriculados nun curso, específico na Aula Virtual.

En todo caso, o primeiro que ten que facer o alumno cunha materia pendente é poñerse en comunicación co xefe de departamento e así poderán establecer con claridade o proceso de recuperación da materia pendente e o profesor indicar e proporcionar ao alumno o material necesario.

Como na convocatoria extraordinaria, as probas terán como referencia os obxectivos e contidos mínimos indicados na programación e serán corrixidas de acordo os criterios de avaliación correspondentes.

A cualificación obtida polo alumno será a nota numérica obtida na proba correspondente no caso de o alumno se presentase á proba de maio ou a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas, no caso de que o alumno decidise

presentarse ás probas por parciais.

Co fin de facilitar o desenrolo das capacidades programadas nos obxectivos e facilitar a realización das probas de pendentes o Xefe/a do departamento de debuxo preparará exercicios por avaliacións nos que o alumno repasará os contidos e procedementos dos que vai ser avaliado. Ditos exercicios serán opcionais (o alumno poderá facelos ou non segundo decida) e deberán ser entregados ao departamento dúas semanas antes da data do exame para dar tempo a súa corrección e que o profesor poida aclarar erros e dúbidas ó alumno.

De tódolos xeitos, o xefe de departamento nas horas asignadas á xefaturas o fora do seu horario (sempre que sexa posible) atenderá ó alumnado coa materia pendente se este así o require.

## 10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

### Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios

Os alumnos de 2º de bacharelato que se matriculen nas materias de “Cultura audiovisual II” sen ter aprobadas as respectivas materias de 1º de bacharelato terán que acreditar os coñecementos das materias de “Cultura audiovisual I”, ademais se cambian para a modalidade de artes tamén teñen que acreditar os coñecementos da materia “Cultura audiovisual I”. O procedemento é o mesmo que cando un alumno ten unha materia pendente de 1º de Bacharelato.

## 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

### Deseño da avaliación inicial

Ao comezo de cada curso e durante os dous meses seguintes farase unha avaliación inicial ao alumnado que servirá de medidor dos coñecementos previos e coñecementos adquiridos durante os procesos de ensino-aprendizaxe. Estes exercicios, (exercicios práctico-teóricos no bacharelato) recollerán unha serie de preguntas e/ou problemas dos contidos das materias que servirán como referencia á hora de percibir axeitadamente e poder valorar obxectivamente o nivel ou grao de adquisición das competencias de bacharelato.

### Medidas individuais e colectivas

## 12. Medidas de atención á diversidade

### Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

## 13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

## Elementos transversais que se traballarán

Na elaboración de imaxes e na súa lectura crítica (medios de comunicación, publicidade etc.) relativos a feitos de integración, educación para a saúde, sexismo e igualdade, consumo e respecto, de coñecemento das outras culturas, como da propia, reflicten unha participación activa en cada curso académico dos contidos transversais que se queren no ensino. A elaboración de pictogramas, no que se refire na educación para a saúde e a igualdade durante o tema de publicidade, ou en traballos relativos ós medios de comunicación de masas, traballar sobre o cine, a fotografía, é doado achegarse nunha materia onde os temas transversais están asegurados. Ademais disto os/as alumnos/as poderán participar en concursos que ó longo do ano se convocan tanto fora do centro.

Así mesmo, durante os procesos de ensino-aprendizaxe, nos contidos, actitudes e procedementos, como xa quedou claro na metodoloxía, establecer concordanzas entre o coñecemento que se adquire, e a realidade do entorno, crea unha fructífera relación coa que introducir de xeito natural os temas trasversais. As relacións entre conceptos de ámbitos diferentes do currículo tamén están contemplados nos traballos na aula. O currículo oficial indica a presenza de temas transversais, entendidos éstos como un conxunto de contidos que non forman parte de ningunha das áreas, pero que deben estar presentes en todo o proceso educativo, cooperando todas as áreas no seu tratamento.

Análise crítico de mensaxes publicitarias dirixidas ao consumidor: preténdese facer conscientes ós alumnos/as da influencia dos anuncios gráficos e dos spots publicitarios na creación de necesidades de consumo.

Análise crítica de valores estéticos no entorno natural e social e nas actitudes de respecto ao medio ambiente.

Análise crítica de piezas de todo tipo considerando a adecuación dos mesmos ao consumidor, a saúde e ó medio ambiente.

Debate e traballos colectivos, nos que se busca o espírito cooperativo, o desenvolvemento das capacidades de relación interpersonal e a contribución á toma de conciencia do enriquecemento que se produce coas aportacións dos compañeiros.

Educación moral e cívica: Propóñense actividades que favorezan a socialización dos alumnos no seu medio, desenrolando actitudes de valoración, respecto e conservación do patrimonio cultural.

Educación para a paz: As características do área favorecen a realización de traballos en grupo nos que é necesaria unha organización de equipo e onde se promove o respecto polas opinións e solucións distintas da propia, así como a utilización de formas e contidos que denoten a non discriminación social, racial ou sexual.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: A análise das linguaxes visuais do entorno, como a publicidade, o deseño e o cine, axuda a adoptar unha actitude crítica ante cualquier discriminación que se transmita por estes medios.

Educación ambiental: O carácter procedimental da área favorece a manipulación de diferentes instrumentos e materiais, así como actitudes de reflexión ante as necesidades reais de consumo. Fai énfase no uso de materiais reutilizables, valorando o entorno como un conxunto de materias expresivas.

## 14. Actividades complementarias e extraescolares

### Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares deben ser valoradas positivamente polo seu carácter interdisciplinar. O efecto que estas teñen de achegamento da realidade ó/a alumno/a é un marco para a maduración individual, tanto a nivel de comportamento e sociabilidade como polo interese que teñen polo aprendizaxe sobre outras formas de facer e crear e estimulan ós rapaces na súa aprendizaxe.

Exposicións dos traballos realizados polos alumnos, ao remate dos bloques temáticos.

Visitas en viaxes concertados con rapaces do centro doutras materias a diferentes lugares polo seu interese patrimonial, arquitectónico e ou cultural.

Propostas de talleres e intercambio con outros colectivos de alumnos/as de outros centros.

Visitas Guiadas a Organismos como a TVG e radio Galega.

Museos de arte contemporánea de Vigo e de Santiago.

Visita ás feiras de arte contemporáneo de interese para as materias deste currículo: ARCO, Madrid e Espacio Atlántico, Vigo.

Visitas ca posibilidade de realizar algún taller didáctico a outros museos, fundacións e salas de exposicións: CGAC, Fund. Caixa Galicia, Fund. Granel e Auditorio de Galicia (Santiago de comp.), MARCO, Museo do Mar (Vigo), MACUF, Fund. Barrié, e Fund. Seoane (A Coruña). A realización de estas actividades dependerá da programación dos propios centros para o vindeiro ano e do interese das mesmas. Procurarase realizar as actividades de xeito que se faga máis de unha visita en cada saída.

Visita ás facultades de Belas Artes e Audiovisuais en Pontevedra.

No centro impartidas por profesionais ligados a diferentes ámbitos das artes visuais, iluminación, fotografía..etc. Destinados especialmente ós alumnos do bacharelato de artes.

Realizaranse exposicións dos traballos realizados polos alumnos e alumnas do bach. de artes. Ó longo do curso no propio centro e ó remate nunha das salas de exposicións do Concello.

Colaboración dos alumnos na elaboración de contidos, ilustracións, imaxes e deseño da revista do centro en coordinación co departamento de Normalización Lingüística.

## 15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Sería conveniente que unha vez ao trimestre se realizase un estudo de seguimento das programacións didácticas, quedando os resultados obtidos recollidos en acta de reunión do departamento